



## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 19 de setembro de 2022*, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (*DOG do 30 de setembro*), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no *artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996)*, redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do *Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26)*, corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres profesores/profesoras**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar. Os outros catro representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior.

2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data 10 de novembro no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.

3.- As **candidaturas** correspondentes poderanse presentar a partir do día 11 de novembro **ata as 14'00 horas do día 18 de novembro**, mediante un formulario normalizado dispoñible na Secretaría e na web do centro.

4.- A mesa electoral estará formada pola directora do centro, que actuará como presidenta, e os/as profesores/as de maior e menor idade, actuando este/a último/a de secretario/a.

5.- Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dous nomes** da lista de candidatos/as.

6.- O voto será directo, secreto e non delegado.

7.- Para dar cumprimento ao *artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril*, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así como tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, **convócase Claustro de carácter extraordinario**, a tales efectos, para o **día 15 de novembro, ás 12:25 horas**.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Estrada, a 10 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Beatriz Quintela Rúa